



RESOLUCIÓN 3/2020 de carácter extraordinario referente á realización dos exames da parte específica para o acceso á universidade de persoas maiores de 25 anos.

Unha vez rematadas as condicións provocadas pola pandemia de COVID-19 que obrigaron ao aprazamento da segunda parte das probas para o acceso á universidade de persoas maiores de 25 anos,

A Comisión Interuniversitaria de Galicia

RESOLVE

1. Convocar ao alumnado matriculado nas probas para o acceso á universidade de persoas maiores de 25 anos, en chamamento único, para a realización dos exames da fase específica o sábado 20 de xuño de 2020 ás 8:30 horas na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.
2. As cualificacións finais provisionais (fase xeral e fase específica) poderán consultarse no taboleiro de anuncios da CiUG, nos LERD e a través da aplicación informática Nerta o día 25 de xuño de 2020 (a partir das 20.00 horas).
3. O prazo de presentación de reclamacións ás cualificacións será de tres días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións da fase xeral e da fase específica (do 26 de xuño ata as 14.00 horas do 30 de xuño).
4. As cualificacións definitivas (despois da resolución das reclamacións) publicaranse o día 1 de xullo (a partir das 20.00 horas) e poderán consultarse na web da CiUG, nos LERD e a través da aplicación informática Nerta o día 1 de xullo (a partir das 20.00 horas).

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2020

O PRESIDENTE DA CiUG

Asdo. Luis Muñoz López